



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN, MELLORA DA INFORMACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2024

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Esta competencia está recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (Art.27.30,30,1.3 e 33.1) aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e que lle foron transferidas en virtude dos *Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza*, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a ordenación, conservación, protección, fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos





cinexéticos en Galicia.

## ANTECEDENTES

A Federación Galega de Caza foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola *Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia*.

De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral do 25-6- 2021, e ratificados por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 30-09-2021), a Federación Galega de Caza é o único organismo que agrupa con carácter obrigatorio aos deportistas profesionais ou afeccionados, xuíces e árbitros, técnicos, ás sociedades ou asociacións, clubs, agrupacións e seccións deportivas, dedicadas á práctica do deporte da caza ou actividades que con ela se relacionen, asumindo, de acordo coas disposicións legais vixentes, a dirección técnico-deportiva das actividades cinexéticas nos seus aspectos deportivos en xeral.

Así mesmo, a Federación Galega de Caza está declarada de utilidade pública e baixo a tutela da Administración deportiva, de conformidade coa *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia* e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas e exercerá en réxime de exclusividade, entre outras funcións públicas delegadas, a promoción e a divulgación do deporte da caza en tódalas súas facetas, e a orientación dos deportistas á práctica do deporte da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

A Federación Galega de Caza ven colaborando e participando activamente, mediante a instrumentalización de distintos convenios subscritos, na propensión





cara a unha caza mais ética e responsable, na sustentabilidade da caza en harmonía co medio natural en que se desenvolve, a mellora da calidade dos instrumentos de ordenación como a mellor garantía da sustentabilidade e a seguridade na actividade cinexética, cun balance de resultados óptimos que motivan, na converxencia de intereses e dentro dun marco de colaboración, a necesidade da celebración deste convenio.

## FINALIDADE

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Caza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2024.

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Federación Galega de Caza para a realización de actividades de promoción, mellora da información e divulgación da actividade cinexética na comunidade autónoma de Galicia que se recollen no anexo ao convenio.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Os artigos 27º.30, 30, 30,1 e 33.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúenlle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de caza. Con base nesta competencia, promulgouse a *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*, que ten como obxecto a regulación do exercizo na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, conforme ao disposto no *Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda*, ten





atribuída a competencia en materia de caza, de acordo coa regulación recollida na *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*.

Na necesidade de ordenar a actividade cinexética e de dimmensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión plantexan a necesidade de acadar uns obxectivos para orientar a ordenación legal da caza, avogándose por actuacións de promoción e divulgación do exercicio dunha caza máis responsable, máis sustentable e máis ética.

Isto tradúcese na necesidade de que a caza se realice en condicións de máxima seguridade para as persoas e os bens, coa esixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos.

Por todo o anterior, a Vicepresidencia segunda e Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pretende acordar a realización de actuacións concretas de promoción e divulgación como medida de fomento da actividade cinexética.

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aportará dentro do exercicio 2024, unha contía de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 06.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.





6.- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da *Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público*, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as *Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, réxime xurídico do sector público*.

Asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén María do Campo Piñeiro

